

## O ENVELLECIMENTO DAS PERSOAS COA SINDROME DE DOWN

Envellecer é un proceso natural para todas as persoas, pero non deixa de ser unha conquista para as persoas coa síndrome de Down. Nas últimas décadas apréciase un espectacular aumento de súa esperanza de vida, superando en moitas ocasións os 60 anos.

Este logro ven derivado do estudo e do coñecemento exhaustivo da realidade e necesidades do colectivo, dando lugar a unha mellora exponencial da súa calidade de vida e, moi especialmente, a unha mellor e máis especializada atención no campo da saúde. Por suposto, tamén polas melloras na atención social a través de entidades de apoio, mediante as que se conseguiu previr a dependencia e aumentar as cuotas de autonomía das persoas pertencentes a este colectivo.

Pero a realidade é que as persoas coa síndrome de Down experimentan un proceso de envellecemento acelerado, polo que a partir dos 40-45 anos comencan a presentar trazos típicos da poboación envellecida.

Asumir esta nova realidade implica introducir as medidas necesarias que contribúan a alcanzar esta etapa vital coa maior calidade de vida posible e que permitan planificar este momento da vida da forma máis idónea.

## A FORMACIÓN

Con esta formación preténdese dar a coñecer as características do proceso de envellecemento das persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual e proporcionar estratexias básicas para a atención e a relación con este colectivo, como potenciais clientes/as dos seus servizos.

## DATA E HORARIO

**Data:** 9 de xuño

**Horario:** 16 a 20 h

## LUGAR

Ceesg

Rúa Lisboa 20, Baixo C, Santiago de Compostela

[Ver localización](#)

## INSCRICIÓNS

A formación é gratuíta, con inscrición previa a través da web [www.ceesg.gal](http://www.ceesg.gal).

As prazas adxudícaranse por orde de inscrición, para colexiadas/os do Ceesg e amigas/os do Ceesg.

**Prazas limitadas.**

## CONTIDOS

- Contextualización da realidade das persoas coa síndrome de Down/discapacidade intelectual mediante a intervención presencial dun/dunha representante deste colectivo: historia de vida, expectativas de futuro, como lle gusta que o/a traten, como espera ser atendido/a.
- Marco teórico de referencia para a intervención: Modelo social da discapacidade, modelos dos apoios, enfoque de calidade de vida e Convención dos dereitos das persoas con Discapacidade.
- Envellecemento e discapacidade: características e necesidades (características do proceso de envellecemento, signos de alerta, comunicación e relación coa persoa cliente coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual, inclusión da persoa maior coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual nos recursos/servizos ordinarios para persoas maiores)
- Recursos, metodoloxía e estratexias para a atención a persoas maiores coa síndrome de Down (Atención Centrada na Persoa; o Protocolo Avaliación e Seguimento do Envellecemento - Protocolo ASE-; coordinación coas Entidades Down).

## CERTIFICACIÓN

Certificado de asistencia emitido polo Ceesg, que se enviará por correo-e en formato pdf despois de ter finalizado o curso.

## ORGANIZA



## IMPARTE



## Sobre Down Galicia

A Federación Down Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, que agrupa ás sete entidades específicas para a síndrome de Down da Comunidade Autónoma de Galicia. A Federación foi creada a principios do ano 1.998 para canalizar as demandas do colectivo de persoas coa síndrome de Down ante a Administración e aportar solucións para contribuír a normalizar a súa situación na sociedade. Entre as súas funcións, tamén inclúe a de coordinar, colaborar e propoñer programas de actividades ante institucións públicas e privadas para a súa posta en práctica a través das súas entidades membro.

## Misión

Coordinar, apoiar e impulsar o labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade de vida de cada persoa coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e das súas familias, a través da inclusión social e da utilización dos recursos comúns da comunidade, asumindo o establecido na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade.

## Principios

Diversidade. O normal é que sexamos diferentes

Dignidade. Son unha persoa

Autodeterminación. Vivo a miña vida

Igualdade de oportunidades. Coma ti, podo con apoio

Inclusión. A miña inclusión é o éxito de todos

## Valores

Coherencia

Compromiso

Efectividade

Participación

Reivindicación

Unión